

Unha sentenza do TSXG gañada pola CIG-Ensino pon fin á discriminación económica e administrativa na substitución das xefaturas de departamento


A sentenza implica un cambio radical ao respecto de resolucións xudiciais anteriores e supón un novo pau contra as políticas en materia de persoal da Consellaría de Educación

É contrario a dereito e vulnera o principio de igualdade o feito de que un docente cubra unha ausencia de longa duración da persoa que exerce a xefatura de departamento dun centro educativo sen cobrar polo exercicio dese cometido nin obter o recoñecemento administrativo correspondente.

En síntese isto é o que afirma unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que confirma unha sentenza previa do xulgado contencioso administrativo n.º 2 de Lugo na que a asesoría xurídica da CIG reclamaba os dereitos retributivos e administrativos dun docente por realizar as funcións dunha xefatura de departamento da EOI de Lugo. O docente exerceu eses cometidos por unha ausencia prolongada da persoa titular e ao amparo da normativa que indica que, neses casos, será a dirección quen designe unha persoa integrante do departamento para desenvolver as súas funcións.

A sentenza é firme e contundente. Nela indícase que sempre se debe respectar “o principio de igualdade retributiva” polo que “ao persoal funcionario que acredita a realización de funcións dun posto de traballo distinto do seu e con retribucións complementarias superiores, débenselle satisfacer os complementos de destino e específico do que efectivamente desempeñase”.

Na sentenza afírmase que, de acordo con eses principio de igualdade retributiva, deben ser retribuídas as funcións que se realizan para alén das que lle son propias como docente, e en concreto as de xefatura de departamento, sen que o feito de que a persoa titular siga cobrando esas retribucións poida servir como obstáculo; como tampouco pode ser escusa que estea recollido no ROC das EOIs a previsión



de designación dun profesor ou profesora en substitución do titular; nin que non haxa formalmente un nomeamento senón unha «designación» para o exercicio das funcións da xefatura de departamento, pois «o relevante é o exercicio efectivo das funcións».

Até esta sentenza do TSXG foron varias as demandas xudiciais promovidas pola CIG-Ensino en defensa de profesorado que se atopaba nunha idéntica situación, todas elas desestimadas. Desde o sindicato amosamos a nosa satisfacción por este cambio de criterio da administración de Xustiza e consideramos que coa sentenza remata unha práctica abusiva habitual da administración pública galega: estender, ás veces durante meses e mesmo anos, unha suplencia nun cargo sen que a persoa que se ve obrigada a exercer as funcións vexa recoñecido ese traballo.

—Que leva facendo a Consellaría desde sempre para aforrar cartos a conta do profesorado?

Nos casos nos que unha persoa ocupa un cargo unipersoal cunha retribución específica (xefaturas de departamento, cargos directivos, etc) e se ausenta prolongadamente do seu posto por unha baixa médica ou calquera outro motivo que non implique

o seu cese, a dirección dun centro debe designar a unha persoa que realice esas funcións. Nalgúns casos, o procedemento para designar á persoa xa figura na propia normativa como é o caso da substitución da dirección ou da fixación de preferencias para designar a quen exercerá as funcións (profesorado definitivo, provisional ou interino).

A Consellaría nunca paga por facer ese traballo de nivel superior aínda que este se estenda durante meses. Todo por aforrar en gastos de persoal, importándolle ben pouco o traballo que debe facer o profesorado. Unha vergoña e unha discriminación histórica.

—Que implica a sentenza para o conxunto do profesorado?

A sentenza do TSXG deixa claro que exercer un cargo ou función, aínda que sexa sen nomeamento e mediante a designación da dirección do centro, é proba suficiente do exercicio efectivo das funcións de tipo superior ás que se ten asignado no posto de traballo.

Polo tanto, con independencia de que os diferentes Regulamentos Orgánicos de Centros recollan ou non un procedemento para substituír nas súas funcións a unha persoa que ocupa un cargo, e dado que en ningún caso se procede a un nomeamento (que segue sendo, como é lóxico, da persoa titular de baixa), a mera designación demostra que se realiza unha función e que esta debe ser recoñecida a todos os efectos: cobrando o complemento ou puntuando nun concurso polo tempo de substitución da persoa titular.

—Quen ten dereito a cobrar e a que se lle puntúa polo exercicio dunha función ou cargo superior?

Todas aquelas persoas a quen a dirección do centro ou, cando así procede, a Dirección Territorial, lle asigna a función dun posto ou cargo que implica unha retribución superior e durante todo o tempo que dure a substitución. Esta situación pode afectar

a profesorado definitivo no centro, provisional ou profesorado interino.

Esta situación afecta, como no caso da sentenza, ás funcións de xefatura de departamento mais tamén afecta ás substitucións temporais de cargos directivos.

A CIG-Ensino exige que a Consellaría dea instrucións ás diferentes Direccións Territoriais e anima o profesorado a reclamar se non hai resposta inmediata.

A CIG-Ensino demanda da Consellaría de Educación que dite con carácter inmediato as instrucións internas correspondentes para establecer un procedemento que garanta os dereitos retributivos e administrativos de todo o profesorado que exerza funcións de carácter superior e que dea cumprida información a todo o profesorado. Todo isto con independencia de que no futuro se poida recoller o procedemento nunha nova norma ou na modificación dos actuais ROC.

Así, o sindicato demanda que a Consellaría concrete nesas instrucións o seguinte:

- **En todos os casos de exercicio temporal dunha xefatura de departamento, cargo directivo ou calquera outro cargo cunha retribución superior, o profesor ou profesora que sexa designada pola dirección do centro ou por quen corresponda, verá recoñecidos todos os dereitos inherentes a función que realiza.**
- **A tal fin, as Direccións Territoriais procederán en todos os casos a expedir un nomeamento temporal, previa designación pola dirección do centro cando corresponder, que rematará coa incorporación da persoa titular.**
- **Este nomeamento ou designación terá efectos tanto retributivos como administrativos (puntuación nos diferentes concursos), e durante o tempo que exerza esas funcións.**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal